



Antonio Fraguas Fraguas

(Loureiro, Cotobade, Pontevedra, 28 de decembro de 1905
Santiago de Compostela, a Coruña, 5 de novembro de 1999)

Tamén coñecido como Antón Fraguas, foi escritor, historiador, antropólogo e etnógrafo de ideoloxía galeguista. Estudou o bacharelato en Pontevedra, onde foi alumno de Castelao e Antonio Losada Diéguez, e a carreira de Filosofía e Letras en Santiago de Compostela, onde se licenciou en 1928.

En 1923 (con 18 anos) foi un dos fundadores da Sociedade da Lingua, en Pontevedra, co obxectivo de promover a defensa do galego e publicar un dicionario, que nunca saíu á luz. Cando foi a Santiago ingresou nas Irmandades da Fala e empezou a colaborar co Seminario de Estudos Galegos, no que foi admitido como membro en 1928, nas seccións de Xeografía e de Etnografía e Folclore. Dentro do Seminario iniciou o estudo da xeografía histórica de Galicia, dedicándose especialmente as rías Baixas e ás terras de Cotobade. Como etnógrafo, comezou co estudo dos costumes ao redor do entroido.

Foi profesor do instituto da Estrada desde 1933 ata o comezo da Guerra civil. Tras a sublevación militar de 1936 sufriu unha represión polas súas actitudes galeguistas, e foi botado do seu posto de traballo. Tras ser detido, foi obrigado a borrar con sosa cáustica as pintadas a favor do Estatuto de Autonomía. Tivo que traballar no ensino privado ata que en 1950 puido recuperar a cátedra do instituto e poder doutorarse, o que fixo na Universidade de Madrid cunha tese sobre o colexio de Fonseca. Posteriormente foi profesor en Lugo e Santiago, ata a súa xubilación en 1975.

Fraguas foi un dos protagonistas da transformación do Seminario de Estudos Galegos (desmantelado polo réxime franquista), no Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos, no que foi bibliotecario, secretario e director da sección de Etnografía e Folclore, publicou as súas investigacións na revista editada polo Instituto, Cadernos de Estudos Galegos.

O 19 de abril de 1951 foi nomeado membro numerario da Real Academia Galega, onde ocupou o lugar que deixara Castelao. Foi presentado por Salustiano Portela Pazos, Ramón Otero Pedrayo e Luís Igrexas Igrexas, e o seu discurso de ingreso, "coplas que se cantaban nas rudads de Loureiro de cotobade", foi contestado por Otero Pedrayo.

En 1973 foi nomeado director do Museo Municipal de Santiago, instalado no convento de San Domingo de Bonaval, que en 1975 pasou a ser denominado Museo do Pobo Galego. Xaquín Lorenzo era o presidente da fundación e, tras a morte deste en 1989, Fraguas ocupou os cargos de director e presidente. En 1994 dooulle ao museo a súa biblioteca particular, composta por 20.000 volumes.

Outros cargos que desempeñou Fraguas ao longo da súa vida foron, entre outros, a coordinación da Sección de Antropoloxía do Consello da Cultura Galega (1983), membro numerario da Real Academia Galega das Ciencias, correspondente da Real Academia da Historia, a Asociación dos Arqueólogos Portugueses ou a Sociedade Portuguesa de Etnoloxía e Arqueoloxía

https://es.wikipedia.org/wiki/Antonio_Fraguas_Fraguas



CONCELLO
DE VIGO



6a

Lectura

literaria

LECTURA: Parque de Castrelos
desde as 10:15 ata as 11:30 h.


CLAUSURA: a partir das 12:00 h.

Nos Xardíns do Pazo de Castrelos

10 de maio
2019

Grupo 1A	CEIP CARARSQUEIRA 3 anos
Grupo 2A	CEIP DO ROCIO II 3 anos
Grupo 3A	CEIP EDUARDO PONDAL 3-4-5 anos
Grupo 4A	EEI RUA ARAGÓN 3-4-5 anos
Grupo 5A	CEIP A RIBEIRA 3-4-5 anos
Grupo 6A	CEIP DO ROCIO 5 anos
Grupo 7A	CEIP CHANS BEMBRIVE 5 anos
Grupo 8A	CEIP DO ROCIO 1º
Grupo 9A	CEIP DO ROCIO 1º
Grupo 10A	IES SANTO TOME 9 Grupos de 4 alumnos voluntari@s

Grupo 1B	CEIP CHANS BEMBRIVE I 2º
Grupo 2B	CEIP CHANS BEMBRIVE II 2º
Grupo 3B	CEIP 6 DO NADAL I 3º
Grupo 4B	CEIP O POMBAL II 3º
Grupo 5B	CEIP DO ROCIO 3º
Grupo 6B	CEIP DO ROCIO 4º
Grupo 7B	CEIP EMILIA PARDO BAZÁN 5º
Grupo 8B	CEIP CASTELAO 5º
Grupo 9B	CEIP DA RIBEIRA 5º
Grupo 10B	CEIP EDUARDO PONDAL 6º



ACTO DE CLAUSURA

Luis Vallecillo pechará as actuacións cunha fantástica sorpresa.

Remate da xornada coa canción elixida para esta VI Quedada Literaria 2019: "Xan sen medo"

HORARIO

- 1. Chegada 9:00 h - 9:45 h.
- 2. Lectura individual } Grupos Infantil
- 3. Lectura compartida } 10:15 -11:15 h.
- 4. Recomendacións L. } 10:15 -11:30 h.
- 5. Merenda
- 6. Clausura 12:00-13:00 h.
- 7. Saída 13:00 h

ORGANIZAN:

CEIP Frián Teis - CEIP Emilia Pardo Bazán - CEIP O Rocío - CEIP O Pombal - CEIP Carrasqueira -CEP Doutor Fleming - CEIP Eduardo Pondal - CEIP Seis do Nadal - CEIP da Ribeira - CEIP Chans Bembrive - CEIP Castelao - CEIP Ria de Vigo - EEI Rúa Aragón - IES Santo

COLABORAN:

Concellería de Normalización Lingüística
Concellería de Educación
B.P.M. Xosé Neira Vilas

